



CPI DE SAN SADURNIÑO
Avda. Marqués de Figueroa nº 19. 15560 San Sadurniño- A Coruña
Tfno: 881930489. Correo: cpi.sansadurnino@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpisansadurnino/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

INFORMACIÓN

RESERVA – ADMISIÓN DO ALUMNADO – CURSO 2021 / 2022

CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

Reserva de prazas para o centro ao que estea adscrito.	Do 11 de xaneiro ao 8 febreiro.
Data sorteo público da letra a efectos de desempate.	26 de febreiro.
Publicación postos escolares vacantes.	Antes do 1 de marzo
Presentación solicitude de admisión.	Do 1 ao 20 de marzo.
Presentación documentación xustificativa (10 días hábiles)	A partir do 22 de marzo.
Publicación listaxes provisionais de admitidos e non admitidos.*	Antes do 25 de abril.
Prazo de reclamación das listaxes provisionais ante a dirección.	5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación.
Publicación das listaxes definitivas.*	Antes do 15 de maio.
Prazo de reclamación das listaxes definitivas. ante a Xefatura Territorial.	Un mes a partir do día seguinte á publicación
Formalización de matrícula en Ed. Infantil e Ed. Primaria.	Do 20 ao 30 de xuño.
Formalización de matrícula en ESO e Bacharelato.	Do 25 de xuño ao 10 de xullo.
Prazo extraordinario de matrícula en ESO e Bacharelato.	Do 1 ao 10 de setembro.

*As listaxes de admitidos e non admitidos serán publicadas no taboleiro de anuncios do centro educativo.

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- O alumnado de novo ingreso que queira solicitar praza neste centro terá que presentar á súa solicitude de admisión do **1 ao 20 de marzo**.
- As solicitudes poderanse cumprimentar na aplicación “Admisión alumnado” na web: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> ou ou presentalas na secretaría do centro previa cita.
- No caso de cumprimentar a reserva de praza a través da aplicación “admisionalumnado”, poderán imprimir a solicitude para empregar posteriormente na Secretaría deste centro ou formalizar a mesma na Sede Electrónica con certificado dixital ou Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/portada>) e neste caso xa non é preciso entregar a solicitude na Secretaría do centro.

DOCUMENTACIÓN

- Formulario normalizado ED550B, con DNI ou Libro de familia e certificado de escolarización en caso de traslado doutro centro (Art.16).
- Cada solicitante presentará unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza (Art 14.6). tamén se desexa ou non utilizar os servizos complementarios de comedor e transporte (Disp. Adc. Segunda).
- A solicitude terá que estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente. Excepto casos de violencia de xénero. (Art. 14.4).
- A solicitude será entregada no centro que se solicite en primeiro lugar.
- Se os pais optan a unha praza reservada para alumnado con NEAE, deberán achegar a documentación pertinente (Art. 37.2).

NOTA INFORMATIVA: IMPORTANTE

- **O alumnado só pode presentar unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- **O alumnado actual ten garantía de permanencia no centro.** Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo ao mesmo tempo, a este centro.
- **O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios, agás que existan prazas dispoñibles e previa solicitude das mesmas.**
- Ten dereito a transporte escolar o alumnado que resida na zona de influencia establecida para o centro e que viva a máis de 2 quilómetros do mesmo. Todo o alumnado que desexe facer uso do transporte e non teña dereito a dito servizo, por estar fora da zona de escolarización ou por ter o domicilio a menos de 2 quilómetros do centro educativo, terá que solicitar cada curso escolar o uso excepcional do mesmo a Xefatura Territorial a través do centro, uso que será concedido sempre e cando se dispoña de prazas vacantes e non se modifique a ruta. O alumnado non pode facer uso do servizo ata que non dispoña de ditas autorizacións excepcionais.
- **As solicitudes de praza no servizo de comedor escolar,** serán presentadas no prazo determinado pola Consellería (informarase na páxina web).